



En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a resolución de adxudicación provisional do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do Contrato da obra de "Mellora e Renovación dos sistemas de control e de tratamento de augas da E.D.A.R. do Concello de A Rúa", adoptado por Resolución desta Alcaldía o 6 de abril de 2.010, co seguinte contido:

-No procedemento negociado sen publicidade e tramitación urxente que se segue neste Concello para a contratación de Mellora e Renovación dos sistemas de control e de tratamento de augas da E.D.A.R. do Concello de A Rúa, convocado por Resolución da Alcaldía de 22 de marzo de 2.010, e apertura de documentación administrativa e oferta de data 6 de abril de 2.010.

-Visto que, segundo consta en Informe da encargada do Rexistro de entradas e saídas de 6 de abril de 2.010, foron presentadas tres ofertas por INNDES, S.L., CNR GALICIA S.L. e TECNOLÓXICA SISTEMAS.

-Visto que a mellor oferta é a de **INNDES S.L.** indicando que a oferta é conforme co sinalado nos Pregos, ofertando un prezo incluído o IVE de 59.770 €, asumindo o precio total de redacción do proxecto, o cal ascende a 2.015,59 € e a contratación de UN traballador en situación legal de desemprego, circunstancia que se xustificará documentalmente ante os servizos municipais antes do comenzo da execución da obra.

-Vista as atribucións previstas no apartado primeiro da disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

RESOLVO:

Primeiro: Adxudicar provisionalmente o contrato da "de Mellora e Renovación dos sistemas de control e de tratamento de augas da E.D.A.R. do Concello de A Rúa", por se-la oferta presentada máis vantaxosa, e axustarse ós Pregos, a **INNDES S.L.** por importe de **59.770 €**.

Segundo: Comuníquese esta Resolución ó licitador, para que nun prazo de 5 días hábiles dende a publicación desta adxudicación provisional no Perfil do Contratante proceda a aportar a garantía definitiva, de conformidade co previsto nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares. O importe da garantía definitiva é do 5% do importe de adxudicación excluído o IVE (2.576,29 €).

En A Rúa de Valdeorras, 6 de abril de 2.010

O ALCALDE

